

Concello de Outes

Expediente núm.: 197/2020

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos: operario limpeza viaria-servizos múltiples

Data de iniciación: 13/03/2020

ACTA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Reunidos no Salón de Plenos do Concello de Outes, o 3 de novembro de 2020 ás 9.00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador, que se constitúe para valorar as probas relativas ao proceso de selección dunha praza de operario de limpeza viaria-servizos múltiples, vacante no Concello, en réxime de interinidade, os membros do Tribunal cualificador formado por:

Cargo	Identidade
Presidente	D. José María García Moas
Secretaria	D ^a Juana Pedrosa Leis
Vogal	D ^a Berta Buján Casanova
Vogal	D. Andrés Busto Allo
Vogal	D ^a Sofía Pérez Figueira

O acto ten por finalidade levar a cabo o procedemento de selección. Para elo procédese a:

PRIMEIRO. Analizar as emendas presentadas ao longo de todo o procedemento de selección.

1^a.- Con data 21/10/2020 e nº rexistro de entrada 2020-E-RE-453 a aspirante Ivonne Márquez de Eugenio presentou a seguinte alegación "*Que participo no proceso de Selección de Persoal e Provisión de Postos: operario limpeza viaria-servizos múltiples (Expediente núm.: 197/2020) e o pasado 20/10/2020 este concello publicou as respostas e puntuacións do primeiro exercicio. Indícase que a resposta correcta para a pregunta nº 12 é a opción c: "escobiña de wc". No obstante, considero que a opción que mellor encaixa para ese enunciado é a a: vasoira. Solicita Rogo se revise esta pregunta nº 12 e se verifiquen as puntuacións totais.*"

Revisada a pregunta desestimase a súa alegación posto que segundo o dicionario da Real Academia Galega o termo vasoira defínese como "Instrumento formado por un pau ou mango que leva nun extremo un pequeno feixe de ramas ou doutro material flexible, que se emprega para varrer" polo que a opción a) como resposta á pregunta nº 12 no primeiro exercicio do proceso de selección non se pode dar como válida.

2^a) Con data 22/10/2020 e nº rexistro de entrada 2020-E-RE-3890 a aspirante Susana Romero Castro presentou a seguinte alegación "Despois de revisar o exame

Concello de Outes

Rua da Vila 1, Outes. 15230 (A Coruña). Tfno. 981850003. Fax:



Concello de Outes

pareceme que me falta 1 punto. *Solicito revisión de exame*".

Revisado o exame e as respostas ao mesmo desestímase a súa alegación posto que a aspirante das 20 preguntas das que consta o primeiro exercicio respondeu 10 ben e errou na resposta de outras 10, polo que a súa puntuación é de 5 puntos. As 2 preguntas de reserva foron ben contestadas pola aspirante pero ditas respostas só puntúan no caso de que fosen impugnadas algunha das 20 preguntas do exercicio.

3ª) Con data 26/10/2020 e nº rexistro de entrada 2020-E-RE-458 a aspirante Ivonne Márquez de Eugenio presentou a seguinte alegación "*participo no proceso selectivo para a contratación dun operario de limpeza/servizos múltiples (expte 197/2020) e no día 26/10/2020 publicouse a valoración da fase de concurso. Xunto coa instancia presentada o día 31/08/2020 incluío o contrato de traballo como peón de limpeza no Concello de Noia de 3 meses de duración que, daquela non tiña rematado. Dito contrato finalizou o 06/10/2020, por o que anexo certificado de vida laboral actualizado que xustifica o mérito indicado. Solicita que se valoren os 3 meses de experiencia laboral que aporfo no proceso selectivo e se actualice a puntuación total obtida en consecuencia.*"

Revisada a documentación que consta no expediente desestímase a súa alegación posto que na base SÉTIMA da convocatoria no apartado FASE DE CONCURSO, no seu punto 2.- Experiencia laboral especificábase que "*só se valorarán aqueles períodos acreditados nos contratos laborais que veñan acompañados do informe de vida laboral expedido pola administración da Seguridade social*". Durante o prazo de presentación de solicitudes a aspirante presentou o contrato laboral ao que fai referencia na alegación pero non o Informe de Vida Laboral polo que dita experiencia non pode ser contabilizada. O feito de presentar dito informe de vida laboral con data 26/10/2020 enténdese como fóra de prazo posto que na base TERCEIRA da convocatoria ESPECIFÍCASE que "*As persoas interesadas deberán dirixir as súas solicitudes á Alcaldía do Concello consonte o modelo publicado conxuntamente con estas bases e que estará a súa disposición na páxina dixital da Corporación www.outes.gal, ás que achegarán DNI, informe de vida laboral actualizado así como toda a documentación xustificativa dos méritos que aleguen*".

4ª) Con data 28/10/2020 e nº rexistro de entrada 2020-E-RC-3961 o aspirante Adrián Baluja Barreiro presentou a seguinte alegación "*Que non estando de acordo coa puntuación obtida na fase de concurso da oposición de operario de limpeza e servizos múltiples, debido ao descoñecemento dos baremos de puntuación do exercicio práctico, e o meu parecer, a non puntuación correcta da miña formación, é experiencia laboral, que coido que se engloban perfectamente o artigo 26 da lei 7/1985. Solicito revisión da puntuación da fase de concurso do procedemento de selección de operario de limpeza e servizos múltiples*".

Revisada a documentación correspondente á fase de concurso aportada polo aspirante desestímase a súa alegación xa que o posto obxecto de selección é de operario de limpeza viaria-servizos múltiples coas funcións de: DESENVOLVEMENTO DAS TAREFAS OPERATIVAS, PROPIAS DA SÚA CAPACITACIÓN PROFESIONAL E LEGAL, E NECESARIAS PARA A EFECTIVA REALIZACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA VIARIA. DESENVOLVEMENTO DAS TAREFAS OPERATIVAS, PROPIAS DA SÚA CAPACITACIÓN PROFESIONAL E LEGAL, E NECESARIAS PARA A EFECTIVA



Concello de Outes

REALIZACIÓN DAS DIVERSAS OBRAS OU ACTUACIÓNS MÚLTIPLES ASUMIDAS POLO DEPARTAMENTO APOIO OPERATIVO NO FUNCIONAMENTO ORDINARIO DO PUNTO LIMPO, DENTRO DA SÚA CAPACITACIÓN PROFESIONAL E LEGAL; segundo se especifica nas bases da convocatoria. Os méritos e experiencia laboral que se valoran na fase de concurso son os relacionados co art. 26 da lei 7/1985 Reguladora das bases do réxime Local sempre na mesma categoría profesional co posto obxecto da selección: peón, operario, etc.

SEGUNDO. Concluídos os exercicios e debidamente cualificados o Tribunal, sen pasar o número de prazas convocadas, acorda proceder á resolución da convocatoria quedando os aspirantes, ordenados de maior a menor puntuación, tal e como se detalla de seguido:

Identidade do-a Aspirante	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
<i>Domínguez Pardiñas, Aroa</i>	15,20	3,58	18,78
<i>Garitaonandia Expósito, Gerardo</i>	13,50	2,99	16,49
<i>Ponte Mayán, Ubaldo Manuel</i>	15,80	0,00	15,80
<i>Romarís Miguéns, María Consuelo</i>	13,40	2,27	15,67
<i>Ramírez Silva, Viviana</i>	15,40	0,00	15,40
<i>Brea Romero, Jason</i>	14,70	0,43	15,13
<i>Márquez de Eugenio, Yvonne</i>	12,80	1,00	13,80
<i>Romero Castro, Susana</i>	11,60	1,58	13,18
<i>Aguín Martínez, Jesús Alberto</i>	13,00	0,00	13,00
<i>Baluja Barreiro, Adrián</i>	10,30	0,50	10,80
<i>Fernández Rodríguez, Javier</i>	8,60	0,78	9,38
<i>Caamaño Suárez Pablo</i>	5,50	0,58	6,08

TERCEIRO. O tribunal propón a contratación como operaria de limpeza viaria-servizos múltiples, vacante no Concello, en réxime de interinidade a D^a Aroa Domínguez Pardiñas por ser a aspirante que maior puntuación acadou nas probas recollidas nas bases da convocatoria.

CUARTO. Conforme á base 8^a da convocatoria, co resto de aspirantes que superaron a fase de oposición constitúese unha **bolsa de traballo** para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas dentro do servizo municipal ao que pertencen. Dita bolsa estará vixente namentres non se constitúa outra de análogas características que a substitúa.

QUINTO. A candidata seleccionada presentarán nos cinco días hábiles seguintes á publicación da proposta de nomeamento unha declaración de cumprimento do apartado d) da base 2^a e certificado médico ou informe de saúde que acredite que pode realizar as tarefas do posto



Concello de Outes

O Presidente dá por terminada a reunión ás 10:30 horas.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Cod. Validación: 45D2ZNGWQWN3YCKGDN7ZZR6ZP | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4